2020

PAZO DA CULTURA
Concello de Narón

MÚSICA

PROGRAMACIÓN SETEMBRO/DECEMBRO

PROGRAMACIÓN SETEMBRO/DECEMBRO 2020

SETEMBRO

Venres 18 20:30 horas Pazo da Cultura	Música de autor SÉS **LIBERAR AS ARTERIAS**
Sábado 26 20:00 horas Pazo da Cultura	Música - Teatro Musical EDICIÓNS EMBORA, S.L. **FUNAMVIOLISTAS: ContraEscena**

OUTUBRO

Venres 9 20:30 horas Pazo da Cultura	Música EDICIÓNS EMBORA, S.L. **LOS SECRETOS**
Venres 23 20:30 horas Pazo da Cultura	Música pop indie GUADI GALEGO **INMERSIÓN**

Esta programación poderá sufrir cambios

Todas as obras terán lugar no Pazo da Cultura agás onde se especifique o contrario

Despacho de billetes:
De luns a venres
9:30 a 14:00 horas
17:00 a 20:30 horas
Sábados
9:30 a 14:00 horas
17:00 a 20:00 horas
Teléf. 981 102 897
(Despacho de billetes)
taquilla.pazo@naron.es

NOVEMBRO

Venres 13 20:30 horas Café-Teatro do Pazo da Cultura	Música Soul MÚSICOS AO VIVO S. COOP. GALEGA **CARLA GREEN & THE DEMONS**
Venres 27 20:30 horas café-Teatro do Pazo da Cultura	Música Classic Rock&Roll, Rockabilly SONAXE PRODUCIONS, S.L. **MAD MARTIN TRIO**

DECEMBRO

Mércores 23 20:30 horas Pazo da Cultura	Música THE PROJECT MUSIC COMPANY, S.L. **STARS OF GOSPEL CHOIR, CON BRIDGET BAZILE E VINCENT BALSE**
Sábado 26 20:00 horas Pazo da Cultura	Música GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND CON SITO SEDES **SIBONEY**

Venres 18 de setembro

20:30 | Pazo da Cultura

MÚSICA DE AUTOR

Todos os públicos | 2 horas | galego

SÉS

Liberar as arterias

Se algo podemos destacar de SÉS é o seu enorme carisma e forza persoal, xa de sobra amosada en centos de concertos e actuacións ao longo de toda Galicia, percorrendo diferentes escenarios, pobo tras pobo e cidade tras cidade.

Aos poucos e grazas á transmisión boca-orella, a súa intensa personalidade e honestidade á hora de manifestarse, foi conquistando o público cun caudal de enerxía que chama pola unión e o cuestionamento do establecido.

Dende xaneiro de 2020 está coa xira de presentación do seu 6º traballo discográfico

PREZOS: Público xeral: 12,00 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos), menores de 14 anos: 8,40 €

Sábado 26 de setembro

20:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA-TEATRO MUSICAL

Todos os públicos | 1 hora e 15 minutos

EDICIÓNS EMBORA, S.L.

Funamviolistas: ContraEscena

"ContraEscena" é o novo espectáculo creado e producido pola compañía Funamviolistas. Nesta ocasión, elas revélannos os segredos do que sucede entre bastidores. As intimidades de tres artistas itinerantes presentando o seu show de teatro musical.

Mediante unha enxeñosa interpretación instrumental, vocal e xestual, "ContraEscena" debuxa en clave cómica e dramática as reviravoltas de tres mulleres artistas en xira ante o reto de conciliar as súas responsabilidades, dúbidas e aspiracións persoais coa inescusable convivencia entre elas. Pronto se comproba que son moi distintas polas súas debilidades, temores e teimas. E con todo, algo parece unilas inquebrantablemente.

A alegría do bo humor e a reconciliación impóñense finalmente en "ContraEscena". Unha comedia intelixente para lembrarnos que ao final do camiño quédanos o bo sabor de rir e gozar desta gran función, a vida, onde todos somos coprotagonistas.

Intérpretes:
Ana Hernández: violín e voz
Mayte Olmedilla: viola e voz
Lila Horovitz: contrabaixo e voz
Dirección:
FUNAMVIOLISTAS - Osqui Guzmán - Leticia González de Lellis
Dramaturxia:
FUNAMVIOLISTAS - Osqui Guzmán - Leticia González de Lellis
Amaños e dirección musical: The Funamviolistas
Deseño do espazo sonoro: Sergio Casanova
Deseño de iluminación: Miguel Camacho
Deseño de vestiario: Lorenzo Caprile

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos), menores de 14 anos: 6,65 €

Venres 9 de outubro

20:30 | Pazo da Cultura

MÚSICA

Todos os públicos | 1 hora e 15 minutos

EDICIÓNS EMBORA, S.L.

Los Secretos

"Los Secretos" forman parte da paisaxe musical española desde hai 40 anos. Con 14 discos no mercado -o último, lanzado a finais de 2019, supoñía a súa volta aos estudos de gravación tras oito anos sen disco novo-, a banda mantén o seu son orixinal e a súa enerxía intacta.

Os concertos de "Los Secretos" non son un autotributo. Tras compoñer grandes éxitos nos 80 e os 90, que aínda soan hoxe en día, a banda mantense en plena forma e amplía o seu repertorio, que segue bebendo das fontes da american music.

PREZOS: **Venta anticipada:** Público xeral: 22,00 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 15,40 €
PREZOS: **O día da actuación:** Público xeral: 25,00 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 17,50 €

Venres 23 de outubro

20:30 | Pazo da Cultura

MÚSICA POP INDIE

Todos os públicos | 1 hora e 15 minutos | galego

GUADI GALEGO

Inmersión

IMMERSION, a nova entrega discográfica de GUADI GALEGO.

IMMERSION é unha reconstitución de si mesma, unha revisión en varias linguas afíns a Guadi, por territorio cultura e emoción, unha reinterpretación da súa propia música. Son once temas xa editados non seus últimos traballos e un tema inédito que soa agora en mundos musicais distintos. A IMMERSION prodúcese nun universo íntimo, minimalista e arriscado. O disco afástase dos moldes e ábrese a un mundo plural e ecléctico no que colaboran diferentes artistas: Ivan Ferreiro, Ana Bacalhau, Lisandro Aristimuño, Clara Peya e Judit Neddermann, Andrés Suarez, Mikel Urdangarin, Sisters In The House, Abe Rábade, Javier Otero, Alex Ínsua, Silvia Quesada, Alfredo González, Germán Díaz, Xabier Díaz e Alidé Sans. Producen Pau Brugada, Vic Moliner, Guadi Galego e Carlos Abal.

Guadi Galego: Voz e teclados
Guillerme Fernández: Guitarra eléctrica
Isaac Palacín: Batería electrónica
Roberto Grandal: Acordeón Midi
Rubén Iglesias: Baixo e Sub
Manolo Dourado: Son directo

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos), Menores de 14 anos: 6,65 €

Venres 13 de novembro

20:30 | Café-Teatro do Pazo da Cultura

MÚSICA SOUL

Todos os públicos | 1 hora

MÚSICOS AO VIVO S. COOP. GALEGA

Carla Green&The Demons

"Carla Green & The Demons" fórmase en Santiago de Compostela na primaveira do 2017 coa intención de levar aos escenarios o mellor soul dos anos 60 e 70.

Conta cun repertorio baseado en clásicos de artistas como Etta James, Otis Redding, Wilson Pickett... En definitiva, a época dourada de selos como Chess, Stax ou Atlantic Records.

A pesar de ser unha banda de recente formación, está composta por músicos cunha dilatada traxectoria musical dentro de estilos como o blues, o swing ou o jazz.

Ao fronte da guitarra atópase: David Tato (Bakin' Blues Band); ao baixo: Fran Sanz (Bakin' Blues Band); ao saxo tenor e barítono: Martiño Mato (Banda de Música Recreativa e Cultural de Bandeira); ao trombón: Xosé Luis Miranda (Garufa Blue Devils Big Band); á batería: Lar Legido (Sumrrá) e, por último, á voz: Carla Green.

Por outro lado, cabe destacar a participación de David Tato, Martiño Mato e Carla Green no prestixioso ciclo Outono Códax Festival -con referentes da música negra internacional- como membros da banda de Barbara Lynn, así como a participación de Carla Green como corista de LaLa Brooks (The Crystals) e como artista invitado para introducir a Irma Thomas, a raíña do soul de New Orleans.

Así e todo, Carla Green & the Demons tamén participaron nas Festas da Ascensión en Santiago de Compostela, en Fisterra Blues Experience e noutros festivais non exclusivos da música negra como, por exemplo, o Armadiña Rock ou o Festival Noroeste Estrella Galicia.

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos), menores de 14 anos: 6,65 €

Venres 27 de novembro

20:30 | Café-Teatro do Pazo da Cultura

MÚSICA CLASSIC ROCK&ROLL, ROCKABILLY

Todos os públicos | 1 hora

SONAXE PRODUCIONS, S.L.

Mad Martin Trío

Mad Martin TrÍo debutaron en 2014 con "It Was A Very Good Year"; despois chegou "Seven Lucky Shots" (2014) e "Time To Go Mad" (2015), publicado en Escandinavia polo selo sueco Vintjärn Records.

"Eileen", incluído en "Time To Go Mad" foi elixido entre os 100 favoritos do ano no programa "El Sótano" de Radio3 de Diego R.J.

En 2015 foron os gañadores en Madrid do concurso "Azkena Rock Party" entre un número considerable de bandas e participando na edición dese ano do Azkena Rock Festival. Desde entón non han pararon de tocar por media Europa e toda a xeografía española.

Agora presentan "Tornado", un vinilo en 10" financiado con una exitosa campaña de crowdfunding, producido por Mike Mariconda e gravado en Barcelona nos Estudios Sol de Sants.

Nel poderedes encontrar temas propios e algunhas versións como "Tornado", de los Jiants, que da título ao disco e que é unha das favoritas da banda.

Mad Martin Trío son:

Martin Esturao, " Mad Martin" (voz, guitarra)
Francisco Sieira, " Fran Trilli" (batería, coros)
José Miguel Martínez , " Mikelini" (contrabaixo, coros)

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos), menores de 14 anos: 6,65 €

Mércores 23 de decembro

20:30 | Pazo da Cultura

MÚSICA

Todos os públicos | 1 hora e 30 minutos

THE PROJECT MUSIC COMPANY, S.L.

Stars of gospel choir, con Bridget Bazile e Vincent Balse

"Stars of gospel" é algo máis que un espectáculo musical. Trátase dunha experiencia que non deixa a ninguén indiferente. Enraizado na secular tradición afroamericana, o gospel non se deixa cualificar exclusivamente como unha corrente musical entre outras. Por riba de todo é unha mensaxe de esperanza, unha promesa de días mellores e unha cultura de participación comunitaria.

As extraordinarias voces de as Stars of Gospel, coa su mestura de harmonías cativadoras e ritmos impetuosos, son quen de unir a audiencias de todo o mundo nunha celebración sincera e festiva cunha música que combina enerxía, delicadeza e entusiasmo.

PREZOS: Público xeral: 12,00 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos), menores de 14 anos: 8,40 €

Sábado 26 de decembro

20:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA

Todos os públicos | 1 hora e 30 minutos

GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND con SITO SEDES

Siboney

GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND é unha orquestra formada por 19 músicos e 4 cantantes nun formato clásico de big band (4 trompetas, 4 trombóns, 5 saxofóns, batería, contrabaixo, guitarra, piano, percusión e outros instrumentos segundo as esixencias do repertorio).

A música que interpreta a orquestra está baseada nun repertorio de temas clásicos dos anos 40 e 50, época dourada das grandes orquestras de swing en Estados unidos e os grandes musicais.

A dirección da orquestra recae en mans de Roberto Somoza, que se encarga tamén dos arranxos musicais, deseñados especificamente para esta formación.

Actualmente esta big band conta coa colaboración de SITO SEDES para poñer a voz ao repertorio máis hispanoamericano da orquestra, coa que se gravou un disco. Deste xeito, "Siboney", convértese no cuarto traballo gravado pola formación.

O proxecto artístico que presentan o propio Sito e a orquestra, é un espectáculo deseñado exclusivamente para traer ao noso presente as sensacións e sons que o público daquel entón podía percibir nas diferentes salas e clubs que programaban case a diario música en directo.

Arranxos propios, unha concepción diferente do sentido do espectáculo e a inconfundible voz de Sito Sedes, dan forma a "Siboney".

Neste disco pódense escoitar algúns dos clásicos da música suramericana que popularizou no noso país este singular artista e cancións das grandes bandas que lideraban por exemplo Xavier Cugat ou Benny Morei.

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos), menores de 14 anos: 6,65 €

PAZO DA CULTURA
Concello de Narón

Rúa Holanda, s/n
Urb. Ciudad Europa
15570 NARÓN

Teléf. 981 391 144
Teléf. 981 102 897 (Despacho de billetes)
E p.cultura@naron.es
www.padroadodecultura.es

facebook/padroadodeculturaconcellodenaron
@culturanaron

-Unha vez comezado o espectáculo (tanto ao inicio coma na segunda parte se existise un descanso), non se permite o acceso á sala, e nos casos excepcionais o acceso estaría xestionado polo persoal de sala a cargo.

-Non se pode fumar dentro do edificio, tampouco consumir bebida ou comida dentro da sala, salvo en casos excepcionais nos que así o determine a dirección do Pazo.

-Non está permitida a captación de imaxes ou son sen unha autorización previa por parte do Padroado da Cultura.

-Antes do comezo do espectáculo é imprescindible desconectar as axendas, alarmas, teléfonos móbiles ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico.

-TODA PERSOA QUE ACCEDA AO RECINTO DEBE FACELO COA SÚA ENTRADA, INDEPENDENTEMENTE DA IDADE QUE TEÑA.

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS
Xacobeo 2021
NARÓN
Padroado da Cultura Concello de Narón
Deputación da Coruña
Coruña Monumental
de Teatros, Auditorios y Circuitos de titularidad pública
galicia
AGADIC
XUNTA DE GALICIA
inaem
PLATEA
REDELAE red eurolatinoamericana de artes escénicas

IMP. STA. RITA